

## NOTA DE PRENSA

# **A Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña acolle un curso para ensinar a futuros profesionais o traballo nun laboratorio de análises clínicas**

## **Os asistentes aprenderán a realizar extraccións sanguíneas e a analizar mostras humanas e animais para detectar posibles problemas de saúde**

---

*Santiago-A Coruña, 16 de xuño de 2008 (Vía Láctea Comunicación).*- A Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña acollerá dende finais deste mes e ao longo do mes xullo un curso práctico de “Iniciación ás Análises Clínicas”. A iniciativa vai dirixida a licenciados, estudantes dos últimos cursos e graduados de titulacións medias e superiores do ámbito sanitario.

O curso está impulsado polo **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA-**. “Dada a escaseza de posibilidades de aprendizaxe para a realización de análises clínicas, tanto en organismos públicos como privados, ofrecemos a oportunidade de que os futuros profesionais poidan adquirir coñecementos básicos relativos á metodoloxía do traballo práctico que se desenvolve nun laboratorio” -sinalan-.

Dende o COBGA manifestan que con esta iniciativa pretenden “fomentar a presenza dos biólogos no campo sanitario, como importante actividade profesional”. Insisten en que se trata dunha tarefa interprofesional e multidisciplinar, na que tamén se debe contar cos coñecementos dos biólogos”.

O curso impartirao o biólogo **Manuel Paz Leis**, especialista en análises clínicas, diplomado en Sanidade e membro académico correspondente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia. Tal como indica o profesor, “trátase de familiarizar aos alumnos cos aparatos habituais de calquera laboratorio clínico”. Segundo explica, “como prácticas de traballo en Inmunoloxía e Bacterioloxía, os asistentes terán á súa disposición mostras biolóxicas humanas recentes. Aprenderán a realizar extraccións sanguíneas nos pacientes, a conservar as mostras ou a esterilizar o material clínico, entre outros aspectos”.

Os asistentes centraranse nas distintas variables de interese á hora de realizar unha análise clínica, como a curva de glucosa en pacientes diabéticos, marcadores hepáticos ou tumorais ou mesmo o estudo de posibles alerxias. Analizarán mostras de sangue, ouriña, feces, esputos, líquido seminal; tanto de humanos como de animais, de xeito que tamén se achegarán á clínica veterinaria.

Foi solicitado o recoñecemento de “Interese Sanitario” do curso á Consellería de Sanidade. Tamén se solicitou o recoñecemento como créditos de libre elección para os alumnos de Bioloxía da Universidade da Coruña. O curso comezará o 30 de xuño e prolongarase ata o 24 de xullo, de luns a xoves polas tardes.